



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

**Expte: 2023/G007/000023**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e nove de xuño de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 345 de data 28 de xuño/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, e don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/19.-**

Informase á Xunta de Goberno Local, das facturas da relación 19 de 2023, do informe de intervención nº 25/2022 (EMP 68/2023) con reparo suspensivo, levantado pola alcaldía mediante decreto 317/2023 e da posterior proposta de Alcaldía que se reproduce:

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:**

Elabórese a seguinte relación de facturas que figura co número F/2023/19 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 4 facturas ascende á cantidade de CINCUENTA MIL NOVECENTOS SETE EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (50.907,33 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

## PROPÓN:

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2023/19 por importe bruto de 50.907,33 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/X999/000075).**

## 2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

### *A.- Licenza primeira ocupación.-*

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN:

**Expte.15/2013.-** [REDACTED] - Para a licenza de primeira ocupación de vivanda unifamiliar sita en Lugar de Aviño, nº 20, parroquia de Valdoviño, e que se corresponde co expediente de obras nº 100/2006, con licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/10/2006.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 19/06/2023 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivanda) e polo tanto procede dende o punto de vista técnico, a informar a solicitude realizada como FAVORABLE.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Rexime Local, a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

**Primeiro.-** Conceder ao petionario [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación de vivanda unifamiliar sita no Lugar de Aviño, nº 20, parroquia de Valdoviño, segundo o disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e o artigo 12 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivanda de Galicia.

**Segundo.-** Practicaraselle a liquidación da taxa por expedición de licenza de 1ª ocupación, cuxo importe é de **75,20 euros**, segundo calculo que consta no informe do arquitecto municipal de 19/06/2023.

**Terceiro.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite e para os Servizos Económicos aos efectos oportunos.

En Valdoviño, a 28 de Xuño de 2023.

O Alcalde,  
Asdo. Alberto González Fernández”.

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcadía transcrita.**

**B.-Licenza de obra maior.-**

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.-

**Expte: 86/2022. Tedec: 2022/U022/000009**

**.- Expte. de obras 86/2022.-** [REDACTED] **- Para as obras de construción de vivanda unifamiliar aillada situada no Lugar de Uceira. Parroquia de Pantín. Concello de Valdoviño (referencia catastral n.º 15088A045007890000HR).**

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto Básico e de execución de vivanda unifamiliar aillada achegado o 20/05/2023 e redactado pola arquitecta Elena Álvarez Fernández.
- Proxecto Básico modificado de vivanda unifamiliar aillada aportado o 23/01/2023 e redactado pola mesma arquitecta que substitue ao anterior.
- Proxecto Básico modificado 2 de vivanda unifamiliar aillada achegado o 07/06/2023 e redactado pola mesma arquitecta que substitue aos anteriores.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA Y SOLO NON URBANIZABLE (Común).

Segundo o proxecto presentado, a vivanda que se pretende construír sitúase na zona da parcela clasificada como S.N.U. DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA.

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 26/06/2023 que se emite en sentido FAVORABLE

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 28/06/2023 en sentido FAVORABLE.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] a **licenza municipal de obras para a construción de vivenda unifamiliar aillada** situada no **Lugar de Uceira. Parroquia de Pantín. Concello de Valdoviño** (referencia catastral n.º 15088A045007890000HR).

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta [REDACTED] e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 26 de xuño de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo folla de valoración que consta no expediente e co seguinte desglose: Taxa 938,14 €.ICIO.- 4.315,45 €.

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández.”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.**

**C.-Licenza de obra maior.-**

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN:

**Expte: 179/2019. Tedec: 2022/U026/000073**

**.- Expte. de obras 179/2019.- [REDACTED] en representación da Diocese de Mondoñedo-Ferrol- Para as obras de rehabilitación da capela de San Miguel de Aviño, situada no lugar de Aviño, 17, parroquia de Valdoviño (referencia catastral n.º 001000600NJ62F0001ZO).**

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Felipe Picos Brage, colexiado núm. 1741, visado polo COAG o día 22.04.2022, que substitúe aos proxectos redactados polo mesmo técnico e achegados ao expediente o día 06.11.2019 (visado polo COAG o 23.01.2015) e o día 19.04.2021 (visado polo COAG o 29.05.2019).
- Incorporouse ademais a seguinte documentación o día 12.06.2023 (núm. rex. 202399900000953) que complementa e substitúe á súa homónima do proxecto inicial:

. Xustificación do cumprimento do apartado DB-SUA 1.4 do CTE (Documento Básico de Seguridade de Utilización e Accesibilidade) para as escaleiras de acceso á zona de coro (escaleiras de uso restrinxido).

. Plano sobre o cumprimento do DB-SI do CTE, onde se incorpora un novo extintor. 2023 e que substitue ao anterior.

Outra documentación técnica:

- Proxecto de control arqueolóxico asinado polo arqueólogo Emilio Ramil González, para as obras de rehabilitación da Capela de San Miguel de Aviño.
- Nomeamento da dirección de execución de obra, asinado polo arquitecto técnico Juan Carlos Bello Criado, colexiado núm. 1581 e visado polo COAT o día 03.02.2023.
- Nomeamento do coordinador de seguridade e saúde da obra, asinado polo arquitecto técnico Juan Carlos Bello Criado, colexiado núm. 1581 e visado polo COAT o día 03.02.2023.
- Nomeamento da dirección de obra, asinado polo arquitecto Felipe Picos Brage e visado polo COAG o día 07.02.2023.

Tendo en conta as autorización sectoriais:

- Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Turismo) do día 01.10.2019 (núm. exp. 2019/154), pola que se autorizan as obras de rehabilitación da capela de San Miguel de Aviño, en base ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Felipe Picos Brage e visado polo COAG o día 29.05.2019.

- Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do día 10.01.2023 (núm. exp. 2022/173) pola que se autoriza parcialmente a realización das obras de arranxo da cuberta da capela de San Miguel.

- Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do día 18.04.2023, pola que se autoriza a realización do control arqueolóxico das obras de rehabilitación da capela de San Miguel de Aviño, por parte de Emilio Ramil González (exp SXPA: CT.102A.2023/270-0, 2022/173 XI).

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como sistema xeral de equipamentos comunitarios incluído en solo non urbanizable de núcleo rural.

Considerando o disposto no informe do Arquitecto Técnico Municipal do 12 de xuño de 2023, e sen prexuízo de mellor interpretación xurídica, as obras solicitadas resultan CONFORMES coa normativa de aplicación (salvo as non autorizadas pola Dirección Xeral

de Patrimonio Cultural detalladas na resolución do 10.01.2023), debendo fixarse para a súa execución os condicionantes que se reflicten no anexo núm. 1 do citado informe.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] en representación da Diocese de Mondoñedo-Ferrol licenza para as obras de rehabilitación da capela de San Miguel de Aviño, situada no lugar de Aviño, 17, parroquia de Valdoviño (referencia catastral nº. 001000600NJ62F0001ZO).

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Felipe Picos Brage e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 12 de xuño de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, con base ao orzamento de execucion material que ascende á cantidade de 72.233,18 euros, e co seguinte desglose: Taxas 361,17 €. ICIO.- 1.661,23 €.

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de iniciación das obras que non poderá exceder os seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data de outorgamento da licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 359.2 do RLSG, art. 145.1 da LSG)..

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”.

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita**

**3º.- ESCRITO DE SYR-AMG, S.L SOBRE OBRA: “SANEAMENTO E BOMBEO EN MONTEFARO”.-**

**Expedientes:** 2021/C003/000003 (expediente de contratación de obra) e 2023/C008/000005 (expediente para resolución de contrato).

Antecedentes de feito

A obra “Saneamento e Bombeo en Montefaro” proxecto engadido no POS+2021 da Deputación da Coruña a través dun procedemento de contratación: aberto, cun único criterio de valoración (factor prezo) e tipo de tramitación: urxente; firmando o contrato en data 15.07.2022 por importe de 106.746,44 € mais 22.416,75 € sendo un total 129.163,19 € e cun prazo de execución de 4 meses.

Iniciado expediente de resolución de contrato e cos informes pertinentes previos do director de obra, informe de secretaría e informe de intervención a Xunta de Goberno Local de data 27.04.2023 acorda incoar procedemento sobre resolución de contrato e dar audiencia ao interesado polo prazo de 10 días naturais.

En data 18.05.23, don José Antonio Gómez Rodríguez, en representación de SYR-AMG, S.L. presenta escrito de alegacións.

A Xunta de Goberno Local acorda en sesión do 25.05.23, solicitar informe do director de obra, informe xurídico da secretaría municipal e informe da intervención municipal sobre alegacións presentadas e pronunciamento expreso sobre causa de resolución do contrato.

En data 29.06.2023 don José Antonio Gómez Rodríguez en representación da empresa SYR-AMG SL presenta escrito coa petición de resolver o contrato co contido literal seguinte:

“**JOSÉ ANTONIO GÓMEZ RODRÍGUEZ**, con DNI núm. [REDACTED] en su condición de administrador único actuando en nombre de la sociedad denominada SYR-AMG, S.L., con domicilio social en Ordes (A Coruña), Lugar de Froxil, 5 – parroquia de Ardemil (CP 15689) y CIF B-15.938.780 --representación que tiene acreditada en el expediente citado en el asunto-- y con dirección de correo electrónico habilitada a la que enviar las comunicaciones y notificaciones: syramg@syramg.net, expone:

Que esta empresa pone en conocimiento de esa Administración su decisión de resolver el contrato de obra: “Saneamento e bombeo en Montefaro” que se formalizó en julio de 2022, dada la demora injustificada –ajena a ella-- en la comprobación del replanteo, causa de resolución del contrato de obra recogido en el artículo 245.a) de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público (LCSP).

Por lo expuesto,  
SOLICITA: Que tenga por resuelto el contrato por la causa que se invoca en este escrito.

Ordes, a 5 de junio de 2023.”

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 29.06.2023, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acorda:

**Primeiro.-** Toma coñecemento do escrito recibido por SYR en data 06.06.2023 co número de rexistro 202399900000923.

**Segundo.-** Acorda continuar co procedemento de resolución do contrato que ven tramitando co número 2023/C008/000005; notificando isto ao contratista.

FÓRA DA ORDE DO DIA

Pola Presidencia presentase por via de urxenza, a contratación do programa “Concilia Tempos Verán 2023”, motivado en que nos atopamos en época estival e sería convinte dar continuidade ao desenvolvemento do programa.

Ratificada a urxenza por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, inclúese este punto Fóra da Orde do Día.

### **.-PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA “CONCILIA TEMPOS VERÁN 2023”.-**

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de poñer en marcha o programa “Concilia Tempos Verán” de conciliación da vida familiar, persoal e laboral durante o período vacacional de verán.

Vista a retención de crédito practicada polos servizos económicos do Concello e

visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais, que se transcribe a continuación:

#### **“INFORME-PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA “CONCILIA TEMPOS VERÁN” (2023)**

##### **1. ANTECEDENTES**

*O programa Concilia Verán leva funcionando dende o ano 2012, sempre con boa participación e satisfacción por parte das familias usuarias. É un recurso para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral cunha metodoloxía lúdica- coeducativa, que pretende ofrecer un espazo seguro, agradable e educativo para nenos e nenas entre 3 e 12 anos durante os meses de verán.*

##### **2. CONTEXTUALIZACIÓN**

*As prazas ofertadas cubríronse durante os anos que se leva desenvolvendo o Programa, o que pon de manifesto a necesidade que existe de ter un recurso de conciliación neste período vacacional.*

*O programa desenvolverase no local da asociación de veciñas da parroquia de Pantín.*

*O número de prazas que se oferta inicialmente é de 20 para a franxa 4-6 anos e de 24 para a franxa 7-12 anos. É probable que sexa máis a demanda do grupo de maiores, tendo que valorar o aumento doutra persoa monitora, como pasou os anos anteriores.*

*O programa realizarase durante os meses de xullo e agosto, entre as 8:30 e as 14:00 horas.*

##### **3. OBXECTIVO**

*Ofrecer o servizo de conciliación de verán a través do programa socio-coeducativo Concilia Tempos Verán á vista da necesidade e demanda da poboación, mediante a contratación dunha empresa externa especializada no sector lúdico-coeducativo, con experiencia no traballo con infancia.*

##### **4. PROCEDEMENTO**

*A pesares de ser un servizo municipal, é imposible realizar o obxecto do contrato por medios propios, debido ás especificacións do persoal, ás funcións propias do proxecto e ao cadro de persoal existente agora mesmo en materia de Servizos sociais e Educación.*



O procedemento de contratación rexerese pola modalidade de contrato menor, como opción excepcional dos procedementos administrativos. Igualmente, realizouse unha invitación xeral a varias empresas do sector para a presentación de ofertas, establecendo un prazo para entregar no Rexistro Municipal.

## 5. PREZOS PÚBLICOS

Para o orzamento tense en conta a aportación económica das familias usuarias segundo a ordenanza correspondente. Atendendo ao texto da Ordenanza reguladora de prezo público pola prestación de servizos educativos, culturais e deportivos:

*“\* Outras escolas ou actividades formativas e servizos culturais. Os custos ateranse, de acordo co preceptuado pola lei, á cobertura dos gastos de organización”*

*Proponse un prezo mensual de 50 euros por neno ou nena, co desconto en segundo/a irmá/n participante do 20%, podendo sumar un total aproximado de 3000 euros, de se cubrir as prazas ofertadas.*

*Este prezo non permite cubrir na súa totalidade os gastos de organización aos que fai referencia a ordenanza. Sen embargo, acolléndose ao texto do TRLFL (“Texto refundido da Lei de Facendas Locais”), no seu artigo 44, referente á contía:*

- 1. O importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.*
- 2. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se e houbera.”.*

*Considerando o punto 2, dende o departamento de Servizos Sociais faise o axuste necesario segundo as características da poboación destinataria e os parámetros habituais do custo das actividades, establecendo a cantidade de 50 euros mes por neno ou nena participante.*

## 6. CRITERIOS DE ADMISIÓN

*Os criterios de admisión para a baremación, no caso de existir máis demanda que prazas, establecen as seguintes condicións preferentes:*

- 1) Que a unidade familiar estea empadroada no Concello de Valdoviño*
- 2) Que os/as nenos/as teñan escolarización nalgúns dos centros escolares do Concello de Valdoviño*
- 3) Que as persoas proxenitoras estean laboralmente en activo*
- 4) Que tendo as circunstancias anteriores a unidade de convivencia cumpra con algún dos criterios que se recollen como familias de especial consideración na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia:*
  - a) As familias numerosas.*
  - b) As familias monoparentais (para este efecto terase en conta que o/a menor dependa economicamente e en exclusiva da persoa gardadora, sen contribución económica do outro*

proxenitor).

- c) *As familias con persoas maiores ao cargo.*
- d) *As familias con persoas con discapacidade ao cargo.*
- e) *As familias con persoas dependentes ao cargo.*
- f) *As familias acolledoras*

## 7. FINANCIAMENTO

*Estase a solicitar (prazo ata o 8 de xuño de 2023) a subvención para entidades locais en materia de igualdade e conciliación na que se inclúe unha solicitude de axuda de 30.000 euros para os programas de conciliación que se levan no Concello (Concilia Tempos Mañás, Verán, Nadal e Semana Santa).*

## 8. PROPOSTAS

*Co procedemento habitual e seguindo o artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, envíase solicitude a catro empresas por mail co obxectivo de que presenten unha proposta técnica e económica para o desenvolvemento do servizo. As entidades convocadas son:*

- ✓ *La Guagua*
- ✓ *Espacio Vivo*
- ✓ *Gestion Plus*
- ✓ *Somos Enredos*

*Establécese a data límite de entrega o 24 de maio a través do Rexistro Xeral do Concello (sede electrónica).*

*Dentro do prazo establecido, preséntase unha empresa coa proposta técnica e económica:*

- ✓ *La Guagua (CIF B70290689)*

*Fóra de prazo (o 26 de maio) chega mediante mail outra proposta técnica e económica:*

- ✓ *Somos Enredos*

*Tendo en conta os aspectos valorados que se solicitaron na petición de orzamento e que se detallan a continuación:*

- o *Técnicas e procedementos pedagóxicos*
- o *Materiais a empregar*
- o *Secuencia de contidos e obxectivos operativos*
- o *Programación de actividades*

*\* Especificar tipoloxía das actividades tendo en conta o contexto no que se desenvolve (relación co medio, actividades físico-deportivas, actividades artísticas, etc)*

*\* Especificar os contidos e actividades con perspectiva de xénero*

- o *Indicadores e mecanismos de avaliación.*

*e que se entende que indican a calidade socioeducativa dos proxectos, en canto a principios, obxectivos, e metodoloxía empregada.*

*E tendo en conta tamén, o referente ao persoal que se esixía na petición de orzamento do seguinte xeito: “A actividade estará guiada por persoas que contén con formación no ámbito das Ciencias da Educación e/ou do ámbito do Deporte. O primeiro dos perfís deberá estar presente en polo menos unha das dúas persoas. As persoas deberán contar con formación no ámbito da igualdade ou coeducación e ter habilidade na relación coa infancia”.*

## 9. VALORACIÓN DE PROPOSTAS TÉCNICAS

*Recóllese a valoración técnica das empresas, en base aos criterios solicitados, na seguinte orde decrecente:*

- o La Guagua*
- o Enredos*

*No caso da proposta presentada por **La Guagua** valórase que fai un plantexamento correcto ao axustarse ao período de verán e aos obxectivos de disfrute. Considérase que conecta adecuadamente o desenvolvemento do proxecto coa dinámica comunitaria, con obxectivos complementarios de aproveitamento e de integración no proxecto. Presenta uns contidos técnicos organizados e completos, así como unha metodoloxía dinámica e baseada na aprendizaxe. Referencias ao funcionamento emocional e acompañamento de espazo pouco definidas. Especifica o persoal mínimo esixido. Contempla a perspectiva de xénero e garante a formación requirida no persoal. Presenta unha abordaxe de xénero e unha presenza da mesma no desenvolvemento do proxecto, coherente e fundamentada. Presenta unha listaxe abundante e variada de medios materiais. Recolle un cronograma de actividades variadas e innovadoras e inclúe actividades de coñecementos dos espazos públicos municipais, así como visitas aos entornos naturais do municipio e coñecemento do patrimonio cultural. Fai referencia ao uso do galego como lingua de uso e fomento da mesma.*

*No caso da proposta presentada por **Enredos**, centra a súa proposta na descrición diaria e datallada das actividades a realizar día a día dende o 03 de xullo ata o 31 de agosto. A conexión entre o desenvolvemento do proxecto e a dinámica comunitaria non está definida. Pouca presenza da expresión emocional. Presenta uns contidos técnicos organizados pero pouco descritivos. Recolle referencias metodolóxicas e principios condutores correctos, indicando o compromiso coa igualdade. As actividades non contemplan conexión cos espazos e dinámicas comunitarias propias do Concello de Valdoviño. Presentan unha ampla programación de actividades con presenza de elementos de traballo coa diversidade, igualdade, medio ambiente, seguridade, cultura e respecto. O enfoque coeducativo responde a unha abordaxe categórica sen integración reflexiva nin modelos de persoas diversos e alternativos. Especifica o persoal mínimo esixido. Non contempla a formación sobre xénero no persoal pero garante outra formación en atención á diversidade.*

*\*Esta empresa está a realizar diversas actividades da Área de Deportes do Concello de Valdoviño ao longo de este ano polo tanto superaría o límite económico do contrato menor. Por este motivo, a empresa queda descartada da valoración.*

## 10. VALORACIÓN DE PROPOSTAS ECONÓMICAS

*Recóllese as propostas económicas das empresas, de menor a maior importe, coas seguintes indicacións sobre o monitorado:*

- 2 persoas a 6,5 horas/2 meses
- 2 persoas a 5,5 horas/2 meses

Os importes, co IVE engadido, son:

o Enredos:

- 13.860 euros
- Persoa extra contratada un mes (custo adicional) = 1.200 euros

*\*Esta empresa está a realizar diversas actividades da Área de Deportes do Concello de Valdoviño ao longo de este ano polo tanto superaría o límite económico do contrato menor. Por este motivo, a empresa queda descartada da valoración.*

o La Guagua:

- 15.752 euros
- Persoa extra contratada un mes (custo adicional) = 1.738 euros

## 11. VALORACIÓN FINAL

*Tendo en conta que so presentaron proposta dúas empresas e unha delas superaría o importe do contrato menor de resultar adxudicataria, so queda a proposta de La Guagua.*

*A proposta desta empresa cumpre adecuadamente cos requisitos técnicos indicados, aportando unha metodoloxía integradora e especializada e aportando un bo enfoque coeducativo, con presenza da perspectiva de xénero e do uso da lingua galega.*

### **PROPONSE**

*A contratación do programa Concilia Tempos Verán 2023 a favor da empresa La Guagua por importe total de **15.752 euros (IVE engadido)**, incluíndo catro persoas monitoras durante dous meses, materiais e gastos de xestión, así como seguro de responsabilidade civil.*

*(\*No caso de precisar modificar o custo para adaptarse ás demandas do servizo, valorarase un orzamento complementario para a súa aprobación no caso de ser dar esta circunstancia).*

*Iniciar o correspondente trámite de retención de crédito previo á aprobación en XGL.*

*Para que conste aos efectos oportunos, asino electrónicamente na data indicada á marxe.*

*A traballadora social*

*Paula Fernández Dopazo (Colex. 2116)''*

### **PROPOÑO:**

*á Xunta de Goberno Local, aprobar o contido do informe técnico e aprobar a contratación da empresa "La Guagua" polo importe de 15.752 euros (IVE engadido), coas condicións recollidas na proposta, para a realización do Programa Concilia Tempos \_ Verán 2023 durante os meses de xullo e agosto.*

Alberto González Fernández  
O Alcalde”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.**

**4º.-.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás nove horas e cincuenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/*